

PINTOS E CASTELAO, HOMES DO ANO

[En *Castelao, hoxe e sempre*. Libro de Oro, Vigo, 1975]

NOMES MILIARIOS

O ano que levamos ás costas ten para nós, os galegos, unha semioloxía binaria. Entrou na roda-roda das calendas cívicas baixo dúas advocacións. Se unha devota, devotísima a outra. Advocación de nomes ergueitos e petruciais. O de Xoán Manoel Pintos Villar e o de Alfonso Rodríguez Castelao.

Xoán Manoel Pintos, pontevedrés de nacemento e de querenza, face curtida e patilluda, home de leis e de letras mesturado, prístino seareiro a *full time* da súa lingua. Alfonso Rodríguez Castelao, rianxeiro fregués da Guadalupe mariñeira, híbrido de sedente e migrador, pernilongo para longas camiñadas, chapeu de abas a ventos liberais, óculos esculcadores e colgadeira caxata, médico arrepentido, pluriartista *a natividade...* e político *ex abundantia cordis*.

Dous nomes que marcan un tempo. Dous nomes miliarios. Dous valores circios. Un, luz de luceiro. Outro, luz faiscante de estrela polar. Ambas as dúas no mesmo firmamento penduradas. Personalidades asincrónicas, polo tempo e o nivel arredadas, mais confluentes na órbita dos seus soños. Irmandadas pola raíz, zugadora nas desventuras da súa patria. Irmandadas pola idea, pola arela redencional do seu pobo,

O PRECURSOR ESQUECIDO

Compre pór agora a cada santo no seu camarín. Ou se queredes, a cada home no seu tempo vital, recoñecéndolle o peso persoal que puxo na romana da historia.

Xoán Manoel Pintos despuntou na segunda albozada da conciencia galega. E mellor aínda, da i-alma galega. A primeira fora unha longa e irisada fervenza lírica na vertente final do Medievo. A dos trobadores galaico-miñotos e miñoto-durienses, agurgullando de súbito, coma *gheisers* na terra xeada.

Despois viría a era da mourenza espiritual, da lingua na propia terra desterrada. Da lingua, con dez ou máis séculos de constante crecemento, até

chegar a ser fala de Reis, para se mirar despois acubillada nos peitos, nos leitos e nos beizos dos labregos, os menestreis, os mariñeiros...

E foi a mediados do século XIX cando o galo voltou cantar. Cando a cantiga estalou de novo nunha gorxa letrada, agora con acento civil. Aque-la gorxa foi a de Xoán Manoel Pintos, con poucos requintes formais, mais trememente de carraxe social:

*Ouh Galicia, Galicia, boi de palla,
canta lástima ten de ti o gaitero!
O aguillón que che meten é de aceiro
e con el moita forza te asoballa...*

Xoán Manoel Pintos naceu en Pontevedra en 1811. Un ano denantes de que Francisco Añón e Paz viñera ao mundo en Boel. Un e outro, as catro mans, aínda rudas para o fino mester das liras, puxeron as primeiras pedras da renacenza galega. Non tanto polos seus valores poéticos como polo seu sentimento de protesta patriótica. Polo acento de reivindicación social a prol da súa Terra, de trocar a dor en conciencia, a conciencia en credo ideolóxico dunha loita, que aínda nos nosos días se atopa acesa. Pola primeira vez na historia —despois das iradas e isoladas estrofas do primeiro Cura de Fruí-

me—, o tremor xeneroso da protesta social abala a nosa literatura. E agora xa con continuidade, con encadeamento a un obxectivo político-social.

Após Xoán Manoel Pintos, aínda tardaría 22 anos en nacer Manuel M. Murguía. E Rosalía un cuarto de século (1837). Mais o valor daquela prioridade, da dianteira que levaran a todos, primeiro Pintos e despois Añón, non chegaría a ser valorado polo patriarca dos nosos historiadores.

No ano 1885 daba ao prelo “Los Precursores”. Un libro senlleiro, mais onde nin foron todos os que están, nin están todos os que son. E onde, paradoxalmente, se botan de menos os titulares de mellor dereito, como serían Farruco Añón e Xoán Manoel Pintos Villar. O home a quen este ano [1975] se adicou e consagrou o Día das Letras Galegas.

O RIANXEIRO UNIVERSAL

No 6 de xaneiro de 1950 finou no Centro Galego de Buenos Aires Alfonso Rodríguez Castelao. O noso profeta Daniel, o seu segundo nome de pía. Un coarto de século, baleiro da súa quente pulsación corpórea, cae xa sobre das nosas aurículas. Vinte e cinco anos nos que, un a un, o proceso de orfanda-

de física en que nos deixou, foi dobrado na Terra e fóra da Terra, por un proceso acelerado de crecemento da súa personalidade. De redimensionamento da súa imaxe popular e de revalorización da súa obra. Como artista, como pensador, como escritor, como político, como apóstolo do seu pobo...

Se hoxe situamos a súa figura neste lugar, non é soamente pola cronoloxía da súa morte. E se a colocamos despois de encadrar a de Xoán Manoel Pintos, ben podería ser porque entre unha e outra personalidade exista algunha ponte encuberta.

Non foron contemporáneos. Pintos morreu no 1876. Castelao naceu no 1886. Mais aquela onda de revolta cívica, aquel acento de crítica social, aquel ardor reivindicatorio do destino da Terra que por primeira vez Pintos cualifica de asoballada, foron levadas a suprema expresión e a suprema plasmación, na obra de Castelao. No *Álbum Nós* e en *Sempre en Galiza*, principalmente.

Agora xa as formas rudas gañaron un nivel esgrevio. O que nun era froito sen chegar ao madureiro, fíxose laboura requintada e multiforme no rianxeiro universal. Entre un e outro cúmprese aquela lei biolóxica que na mesma árbore percórreo do gromo á flor. Soamente a flor. Polos froitos aínda temos que loitar.

Na simboloxía que un e outro manexan hai tamén afinidade temática, cando comungan no mesmo rito de revolta. Na mesma insurxencia verbal ou gráfica. En Pintos co seu “boi de palla” aguilloado por mans alleas. En Castelao, entre outras moitas, coa escena da vaca, mantida nos herbeiros da Galiza, e muxida por unha enlurada man, a traveso de Castela alongada desde Madrid. A man do centralismo, do oligopolio bancario, do fisco, da marxinação...

Viventes alegorías de servidume socio-económica, tanto como dos dereitos políticos. A fase lírica ficou superada e os nosos artistas entran no mundo da crítica social, da inxustiza económica, das liberdades esenciais do home moderno. As imaxes, poéticas ou gráficas brotan da mesma fonte. Arríncanse no vivo ao drama secular da Galiza, que é principalmente drama da terra e do mar. De labregos, de foratarios, de segadores, de mariñeiros, de afiadores, de emigrantes... mexidos polo flaxelo común da fame, da miseria...

As mesmas reaccións en canto de revolta, con simboloxía afín, xa como en Castelao de calidades esgrevias, non tardaría a ter na poesía outra réplica gloriosa. A de Ramón Cabanillas en moitas composicións. Singularmente nunha ben coñecida: “Meu carriño”.

*Berra por vilas e aldeas
que hai que vingar a inxusticia
dos que teñen a Galicia
axugada cun cansil.*

DOS VERSOS ÁS CIFRAS

As figuras e as voces antepostas requiren un axeitado enmarcamento. Unha e outra, a menor e a maior, afastada de nós e de nós preto, teñen tamén a súa órbita. E as dúas órbitas fanse tanxentes nun punto: o de lle dar ás rebeldías galegas un senso social concreto. Algo que no contexto cultural até o seu tempo se non producira aínda.

Mais tiña que chegar a hora de remudar as armas polémicas. De virar a protesta en doutrina. De nos facer ouvir doutro xeito, que non sexa o tradicional en nós. Que non se reduza ao infindo ecoar dunha queixa milenaria, ou ao recuncar infindo na migración desangradora.

Temos que nos trocar en cirurxiáns fríos da nosa operación de urxencia. Espir os veos saudosos, poñer as batas asépticas. E escomenzar deixando ao leu, diante dos ollos de todos, na súa esguía osamenta de números, a realidade crúa e prismática do país, ao que nacemos polo corazón encadeados.